

FUNCIONES VITAIS

Como todos os seres vivos, os seres humanos realizamos as funcións vitais de reprodución, nutrición e relación a través duns órganos, que funcionan en conxunto formando aparatos e sistemas.

1. A función de relación

É a capacidade para captar o que acontece ao noso redor e reaccionar ante iso. Os órganos, aparatos e sistemas que interveñen nesta función son:



- Os **órganos dos sentidos**, como os ollos.
- O **aparato locomotor**, ósos e músculos, que executan as ordes do cerebro e nos permiten movernos.
- O **sistema nervioso**. O cerebro e os nervios, que reciben a información dos órganos dos sentidos e ordenan as respostas.

2. A función de nutrición

A función de nutrición permítenos obter enerxía e asimilar as substancias para crecer e manternos vivos. Os aparatos que interveñen na función de nutrición son:

- O **aparato dixestivo**. Transforma os alimentos en substancias nutritivas.
- O **aparato respiratorio**. Obtén osíxeno do aire e expulsa dióxido de carbono como refugallo.
- O **aparato circulatorio**. Transporta a través do sangue as substancias nutritivas e o osíxeno a todo o corpo.
- O **aparato excretor**. Expulsa as substancias de refugallo do interior do corpo cara ao exterior.

3. A función de reprodución

Esta función permítenos ter descendentes grazas ao aparato reprodutor, que é diferente nos homes e nas mulleres.

- O **aparato reprodutor feminino** consta de útero, ovarios e vulva.
- O **aparato reprodutor masculino** está formado polo pene e os testículos.



1. OS SENTIDOS

As persoas temos **cinco sentidos**: o tacto, a vista, o oído, o olfacto e o gusto.

Mediante os sentidos **relacionámonos** coas outras persoas e co mundo que nos rodea.

Cada sentido ten **órganos** especiais para percibir a información do exterior.

Os órganos transforman a información nun sinal nervioso e os nervios transmíteno ao **cerebro**, que se encarga de elaborar as **sensacións**.

Olfacto

O olfacto está situado no **nariz**. Grazas a el podemos captar o olor das cousas.

Tacto

O tacto está na **pel**. Grazas a este sentido notamos a temperatura, a textura, etc.

Gusto

O gusto está na **lingua**. Axúdanos a recoñecer e gozar dos sabores.

Vista

A vista reside nos **ollos**. Con eles distinguimos as formas, os tamaños e as cores.

Oído

O sentido do oído atópase nos órganos dos **oídos**. Permítenos percibir os sons.

1. O gusto

O sentido do **gusto** encóntrase na **lingua**, onde están as **papilas gustativas**.

As papilas gustativas detectan os **sabores** do que comemos ou bebemos.

As papilas están repartidas por zonas diferentes da lingua. Cada zona percibe un dos catro sabores básicos: **doce, salgado, ácido e amargo**.

O resto de sabores son unha mestura destes catro sabores básicos.

A información que reciben as papilas envíase, a través dos **nervios gustativos**, ao **cerebro**, que identifica os sabores.




2. O tacto

O sentido do **tacto** está repartido por toda a **pel** do corpo.

A través da pel podemos percibir as seguintes sensacións:

- A **temperatura** dun obxecto, isto é, se está frío, morno ou quente.
- A **forma**, a **consistencia** e a **textura** dun obxecto. Por iso, cando collemos unha bóla, sabemos que é redonda, dura e lisa.
- A **dor**, como cando nos picamos cunha agulla.

Se te fas unha ferida, débela limpar e desinfectar.



3. A vista

Os ollos son os órganos da vista



Os ollos son uns órganos moi delicados. Atópanse na cara rodeados duns elementos que os protexen. Estes son:


- As **cellas**. Evitan que a suor da fronte entre nos ollos.
- As **pálpebras**. Permítennos cerrar os ollos e illalos completamente do exterior. Ademais, cada vez que pestanexamos límpase a superficie do ollo.
- As **pestanas**. Impiden a entrada de po ou doutros elementos molestos nos ollos.
- As **glándulas lacrimais**. Producen bágoas, que manteñen o ollo sempre húmido.

4. O oído

Os **oídos** son os órganos que nos permiten oír. Atópanse a ambos os dous lados da cabeza.

Grazas ao oído percibimos os **sons**: a súa **intensidade**, é dicir, se son fortes ou débiles, o seu **ton**, se son agudos ou graves, e a distancia á que se producen.

O oído divídese en **oído externo**, **oído medio** e **oído interno**.



5. O olfacto

O **nariz** é o órgano do sentido do **olfacto**. Atópase no centro da cara.

Dentro do nariz hai unha zona chamada **pituitaria**, que percibe os distintos olores, os agradables e os desagradables.

Tanto se o olor é agradable ou desagradable, cando a pituitaria o percibe durante un longo período de tempo, deixamos de ulilo.


A pituitaria, a través dos **nervios olfactivos**, envía a información ao **cerebro**, que reconece os olores.

Coida o teu nariz

Mantén o nariz limpo: asóate suavemente cun pano para non irritar as foxas nasais.

Non te expoñas a olores moi fortes durante moito tempo.

Non metas os dedos no nariz, nin introduzas ningún obxecto polo nariz.



Coida a túa pel

Debes ducharte todos os días para manter limpa a pel.

Cando vajas á praia tes que botar crema de protección solar.

Se te fas unha ferida, débela limpar e desinfectar.

Coida os teus ollos

Le en lugares ben iluminados.

Non mires directamente ao Sol nin a fontes de luz intensa.

Se usas lentes, non esquezas poñelas sempre que sexa necesario, e no verán, utiliza lentes de sol.

Cando vexas a televisión, sitúate a uns tres metros da pantalla.

Visita o oftalmólogo unha vez ao ano.

Coida os teus oídos

Seca ben os teus oídos despois de ducharte ou bañarte para que non quede auga dentro.

Non sometas os teus oídos a sons moi fortes.

Non introduzas nos oídos ningunha clase de obxectos.

Visita o otorrinolaringólogo unha vez ao ano.



Coida a túa lingua

Non tomes alimentos nin bebidas moi quentes, para evitar queimaduras na lingua.

Evita comer alimentos moi salgados ou moi doces porque afectan as papilas gustativas alterando a percepción dos sabores.

Cando cepilles os dentes, enxauga ben a boca para que a lingua quede ben limpa.